



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E ACCESO AO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS NO CURSO 2023/24

A Consellería de Educación ven de convocar estas axudas cos seguintes requisitos:

- Estar **matriculado en educación primaria** para o vindeiro curso 2023-24.
- Non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- Ter unha **renda per cápita** familiar igual ou inferior a **10.000 euros anuais (datos de 2021)**.
- Ter devoltos os libros adquiridos coas axudas do presente curso (alumnado de 3º e 4º)

A solicitude presentárase preferentemente por internet, a través da aplicación Fondolibros ou utilizando Chave365 (formulario ED330B ou anexos I e II). Opcionalmente tamén se pode presentar na Secretaría do centro no horario de atención ao público, nese caso cubrirase UNHA ÚNICA SOLICITUDE para todos os irmáns beneficiarios, deberá estar completamente cuberta e virá acompañada da fotocopia do libro de familia e de calquera outra documentación que fose necesaria (certificado discapacidade, familia numerosa, etc). **OPRAZO REMATA O 21 DE XUÑO.**

As contías das axudas para adquisición de libros, compra de material escolar ou libros aos que se teñen dereito **dependerán da renda per cápita da unidade familiar no ano 2021.**

¿A QUE AXUDAS SE PODE OPTAR PRESENTANDO ESTA SOLICITUDE?

- Alumnado que pase a 1º e 2º de EP: Poden solicitar **vale** para adquisición de libros de texto e **vale** para material escolar.
- Alumnado que pase a 3º e 4º de EP: Acceso ao **préstamo de libros de texto** do Fondo Solidario Público de Libros de Texto e **vale** para material escolar.
- Alumnado que pase a 5º e 6º de EP: Unicamente poden solicitar o **vale** para material escolar, xa que **este alumnado utilizará libros dixitais (co ordenador portátil) do proxecto E-Dixgal.**

Unha vez que a solicitude estea debidamente tramitada e validada pola administración, **no seu momento** o Centro xerará un ou máis vales, nos casos que corresponda. Con eles poderanse adquirir os libros de texto e/ou de material escolar polo importe máximo que figure en dito vale.

Os beneficiarios do Fondo Solidario de Libros de Texto terán dereito a recibir en préstamo un número de libros que dependerá dos ingresos acreditados, **co compromiso de conservalos en bo estado e devolvelos ao colexio ao remate do curso 2023-24**, mantendo así o fondo de libros de texto.

ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

- A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, para o que **deberán asinar no apartado correspondente da solicitude, indicando DNI.**
- A discapacidade do 33% ou máis de calquera membro da familia computará por dous membros.
- Nas familias monoparentais que conviva un só proxenitor ou titor co alumno/a, deberá acreditarse documentalmentemente esta circunstancia.
- No caso de divorcio ou separación legal, non se considerará membro computable aquel que non conviva e non teña a custodia do alumno/a. Non obstante o anterior, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da **renda familiar relativa ao ano 2021.**
- O alumnado que promocione a 1º da ESO deberá facer a solicitude no IES de Pastoriza ou, de ser o caso, no instituto no que fose admitido. No caso de estar pendente aínda, deberá presentar a solicitude neste centro.

Máis información na páxina web do colexio ou na da Consellería de Educación.